



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 02 DE NOVEMBRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00048870A.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria

### **2. COMERCIO. Referencia: 2022/00046816L.**

#### **Aprobación da convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos de Santiago de Compostela, “Bonos Corazón Compostela 2022”, e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela “Bonos Corazón Compostela 2022” e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.

Segundo. Aprobar o gasto por importe de 1.250.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890101.

Terceiro: Acordar a publicación da convocatoria no BOP de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **3. COMERCIO. Referencia: 2022/00043726B.**

#### **Aprobación da concesión de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a concesión das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen:

- Fundación Santiago Centro Área Comercial: **20.423,90** euros
- Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca.: **2.243,27** euros
- Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental: **28.658,25** euros
- Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto: **24.874,93** euros
- Asociación de artesáns e comerciantes Ourives de Compostela: **11.624,57** euros.

Estas axudas, que suman un total de **87.824,92 euros**, irán con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Segundo. Aprobar o compromiso do gasto polos seguintes importes e a favor das entidades antes citadas.

Terceiro. Acordar a liberación do crédito remanente por importe de 12.175,08 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 4890100.

**4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00046829D.**

**Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 por importe de 53.409,45 €, financiado con baixas por anulación, para aboamento de gastos de manutención e aloxamento de persoas refuxiadas ucraínas, como consecuencia da invasión rusa.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-16 por importe de CINCUENTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRECE EUROS E CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (**56.313,52 EUROS**) para atender ao pagamento dos gastos de aloxamento, manutención e xestións administrativas de persoas refuxiadas ucraínas, como consecuencia da invasión rusa.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 se contra el non se formulase ninguna reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00047431J.**

**Crédito extraordinario 2022-CREXT-17, por importe de 300.000,00€ para o outorgamento dunha subvención nominativa á empresa Sionlla Biotech, SL para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas, financiado con RLTXG 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2022-CREXT-17 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de TRESCENTOS MIL EUROS (**300.000,00 euros**) coa finalidade de reflectir no orzamento actual unha nova subvención nominativa para a execución do edificio Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas dentro do municipio, financiado con RLTXG do exercicio 2021.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 se contra el non se formulase ninguna reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma

**6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00048396N.**

**Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-18 de importe 324.158,56 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Dispor de TRESCENTOS VINTE E CATRO MIL CENTO CINCUENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (324.158,56 EUROS) do saldo

reservado na actualidade do RLTGX 2021 por importe de UN MILLÓN SESENTA E UN MIL CINCOCEMOS OITO EUROS, CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (1.061.508,36 EUROS) cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación dos expedientes de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros, do expediente 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros, do expediente 2022-CREXT-12 nun importe de 154.438,32 euros, do expediente 2022-CREXT-13 nun importe de 110.290,79 euros, do expediente 2022-CREXT-14 nun importe de 44.331,11 euros e do expediente 2022-CREXT-15 nun importe de 600.714,13 euros.

SEGUNDO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-18 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela, por importe de TRESCENTOS VINTE E CATRO MIL CIENTO CINCUENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (324.158,56 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-18 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-18, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-18 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SEXTO: Deixar sen efecto, por non ser xa necesario para atender as finalidades previstas, o saldo actual da reserva do RLTGX 2021 acordado no Pleno de 31.05.2022 de importe SETECENTOS TRINTA E SETE MIL TRESCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS DE EURO (737.349,80 EUROS) quedando en libre disposición para outras finalidades que puideran ser acordadas.

## **7. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00048043G.**

**Suplemento de crédito 2022-SUPLE-08 por importe de 827.633,16 € para transporte urbano e metropolitano, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-08 por importe de OITOCENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES EUROS E DEZASEIS CÉNTIMOS (827.633,16 EUROS) para atender a compromisos adquiridos e completar actuacións previstas en obras de reforma de centros socioculturais.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-08 se contra él non se formulase ninguna reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.